



CONTRATO
PROGRAMA
PLURIANUAL 2021-2023

3ª PRORROGA
ANO 2026





ÍNDICE

O texto da 3ª Addenda Contrato Programa 2021-2023 Intecmar_ PRORROGA 2026 é o mesmo do Contrato Programa vixente, agás as modificacións dos seguintes apartados:

1 PARTE INTRODUTORIA	3
Natureza e réxime xurídico	3
3 VIXENCIA DO CONTRATO	5
5 OBXECTIVOS	5
Obxectivos operativos e actuacións (2026)	5
Cadro de mando	13
6 MARCO XERAL DE RECURSOS HUMANOS	14
7 MARCO ECONÓMICO-FINANCIERO	16



1 PARTE INTRODUTORIA

Natureza e réxime xurídico

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), en diante Lei de creación, configura este como un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins. O seu regulamento apróbase mediante Decreto 41/2005, do 17 de febreiro. O Intecmar figura entre as entidades públicas instrumentais adscritas á Consellería do Mar, a teor do artigo 2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica desta consellería, en concordancia co artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así mesmo, o instituto someterá a súa actividade ao dereito privado salvo cando exercite potestades administrativas ou nos casos establecidos na súa lei de creación ou noutras disposicións legais.

O Intecmar ten súa sede no Peirao de Vilaxoán, s/n, en Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, situado en terreo público da entidade Portos de Galicia. As instalacións, inauguradas en 1992, complementáronse con diferentes ampliacións, a máis recente en 2009. Na actualidade, conta con 3.600 metros cadrados de superficie útil.

O artigo 80 da Lei 16/2010, do 17 de decembro regula os contidos xerais do contrato plurianual de xestión que deben elaborar as axencias públicas autonómicas. Así mesmo, o artigo 17 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, identifica esta clase de contratos cos contratos programa, cuxo ámbito de aplicación se estende a outras entidades públicas, como é o caso do Intecmar. Neste sentido, o Consello da Xunta aproba, o día 8 de marzo de 2012, a Instrución pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programa e a composición das comisións de control e seguimento de tales contratos.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, estableceu a necesidade de que se adapten aos novos tipos de entidades instrumentais todas as entidades instrumentais con personalidade xurídica propia creadas mediante lei con anterioridade a entrada en vigor desta Lei, e que contaban con distintos réximes de organización e funcionamento. No caso de INTECMAR, regula a súa adaptación aos novos tipos de entidades instrumentais, establecendo que as súas normas de organización e funcionamento deberán adecuarse ao disposto nesa lei para as Axencias públicas autonómicas.

Neste sentido, aproveitando o proceso de adaptación á Lei 16/2010, do 17 de decembro, e atendendo ás competencias que lle outorga a Lei 4/2023, do 6 de xullo, nos artigos 12.5 e 64.3, e a disposición adicional quinta da Lei 5/2024 de 27 de decembro, tanto no control da calidade do medio mariño como, en particular, no control do cumprimento dos obxectivos ambientais, resulta oportuno dotala de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa finalidade de instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de pesca nas augas interiores, e o marisqueo e a acuicultura en augas competencia da Comunidade Autónoma.

Con este conxunto de medidas acométese a adecuación do ente público INTECMAR á Lei 16/2010, do 17 de decembro, regulando a extinción do ente INTECMAR e a creación dunha AXENCIA que o substitúe, coa elaboración e posterior aprobación do Decreto polo que se

crea a Axencia Pública Autonómica para o Control do Medio Mariño de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A tramitación da elaboración do proxecto de decreto iniciouse en decembro de 2024, de conformidade co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, e atópase na fase final da tramitación pendente da emisión de dous informes.

Por iso, estímase que no primeiro semestre do ano 2026 será aprobado e publicado o Decreto polo que se polo que se crea a Axencia Pública Autonómica para o Control do Medio Mariño de Galicia e se aproban os seus estatutos, circunstancia que motiva e xustifica a prórroga do contrato programa plurianual 2021-2023 que está vixente ata o 31/12/2025.



3 VIXENCIA DO CONTRATO

Este documento abrangue a terceira prórroga do contrato programa para o exercicio 2026, e estará vixente no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

5 OBXECTIVOS

Obxectivos operativos e actuacións (2026)

A. XESTIONAR DE FORMA EFICIENTE AS REDES DE CONTROL DO INTECMAR

A1 – Manter a cobertura espacial e temporal da rede de estacións oceanográficas localizadas nas rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, Muros-Noia e Ares-Betanzos e da rede de estacións costeiras localizadas ao longo da costa de Galicia.

Para acadar este obxectivo operativo, defínense as seguintes **actuacións**:

A1.1 – Toma de mostras semanal desde embarcación da rede de estacións oceanográficas. Rexistro de variables ambientais (temperatura, salinidade, pH, osíxeno, fluorescencia, transmitancia e irradiancia) en cada estación con batisondas CTD. Recollida de mostras de auga.

Indicador: número de mostraxes realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	1.788
-----------	-------

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar.

Destinatarios: Consellería do Mar; Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia; entidades e empresas do sector produtivo.

Observacións: calcúlase multiplicando 43 estacións oceanográficas por 52 semanas, asumindo unha eficiencia do 80 % que contempla imprevistos alleos ao Intecmar como son as condicións meteorolóxicas adversas que impidan a toma de mostras.

A1.2 – Realizar análises da concentración de nitrato, nitrito, amonio, fosfato, silicato, fósforo total, nitróxeno disolto total e carbono orgánico disolto nas mostras de auga recollidas na rede de estacións oceanográficas e costeiras do Intecmar.

Indicador: número de análises realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	41.571
-----------	--------

Responsable: xefe da Unidade de Bioxeoquímica do Intecmar.

Destinatarios: Consellería do Mar; Augas de Galicia; entidades e empresas do sector produtivo.

Observacións: estímase que as análises das mostras das 42 estacións oceanográficas son 31.720 nutrientes (nitrato e nitrito; amonio, fosfato e silicato), (122 mostras x 52 semanas x 5 nutrientes), 4.160 carbono orgánico disolto e nitróxeno disolto total (40 mostras x 52 semanas



x 2 nutrientes orgánicos) e 1.464 fósforo total (122 mostrax x 12 semanas x 1 nutriente total). As análises das mostrax das 18 estacións costeiras son 3.120 nutrientes (nitrato, nitrito, fosfato e silicato), (15 mostrax x 52 semanas x 4 nutrientes). Asumindo unha eficiencia do 90% das análises das mostrax de auga (por incidencias de mostraxe) e considerando tamén as análises das mostrax controis diarias necesarias, propónse un número de análises anual de 41.571.

A1.3 – Realizar análise cuantitativa e cualitativa de células de fitoplancto e concentración de pigmentos (clorofilas a, b, c) nas mostrax de auga recollidas nas redes de estacións oceanográficas e costeiras do Intecmar.

Indicador: número de análises realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	14.040
-----------	--------

Responsables: xefes da Unidade de Oceanografía e Fitoplancto do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: calcúlase multiplicando as estacións (42 oceanográficas e 18 costeiras) por 52 semanas e por 5 determinacións de variables por estación, asumindo unha eficiencia do 90 %.

A2 – Manter a cobertura espacial e temporal das redes de control de biotoxinas, microbioloxía e contaminación química, das zonas de produción de moluscos distribuídas polo litoral de Galicia.

Para acadar este obxectivo operativo, establécense as seguintes **actuacións**:

A2.1 – Toma de mostrax das zonas de produción de moluscos cultivados en bateas. Recollida de mexillón e ostra, e de mostrax de auga para análise cualitativo de fitoplancto.

Indicador: número de saídas para a recollida de mostrax realizadas polo equipo de mostraxe do Intecmar.

Obxectivo:

Ano 2026:	832
-----------	-----

Responsable: xefe da Unidade de Mostraxe e Ecofisioloxía do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións calcúlase multiplicando un promedio de 3,2 saídas diarias para a recollida de mostrax por 5 xornadas semanais e por 52 semanas. Reducíronse de 4 a 3,2 as saídas diarias de mostraxes, respecto dos anos anteriores, porque os datos históricos dos últimos 5 anos axústanse máis a esta cifra.

A2.2 – Analizar a concentración de biotoxinas lipofílicas, paralizantes (PSP) e amnésicas (ASP) nas mostrax de moluscos procedentes das zonas de produción de Galicia.

Indicador: número de análises de biotoxinas mariñas realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	8.000
-----------	-------

Responsables: xefes da Unidade de Biotoxinas do Intecmar.



Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: A proposta de número de ensaios a realizar pola Unidade de Biotoxinas no período 2026 é de 8.000 ensaios por ano.

A2.3 – Realizar análises para a detección de *E. coli* nas mostras de moluscos procedentes das zonas de produción de Galicia.

Indicador: número de análises de contaminación microbiolóxica realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	1.800
-----------	-------

Responsable: xefe da Unidade de Microbioloxía e Viroloxía do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: en base ao Regulamento de Execución (UE) 2019/627 da Comisión de 15 de marzo de 2019, establécese o número de análises previsto.

Hai un número fixo de zonas de produción, 135 zonas, 89 de control de bancos naturais e 46 de viveiros flotantes. Hai un número variable de puntos de control e cada zona, sendo o número mínimo de un por zona, 135. A periodicidade mínima é mensual, con raras excepcións bimestrais. Mínimo, supoñendo un único punto de control por zona de produción, 1620 ensaios de *E. coli* /ano. Este número varía tamén en función da afectación das zonas de produción por vertidos e/ou outros eventos de contaminación microbiolóxica, fallos nas EDAR ou pozos de tormenta, variacións meteorolóxicas e outros. Realízanse ademais ensaios de *E. coli* dos lotes de moluscos reinstalados, que varía en función da actividade das confrarías, sendo a media dos últimos 8 anos (2017-2024) de 180 ensaios/ano.

Tamén se analiza *Salmonella* spp nas mostras procedentes de zonas de produción de clase A, das que os moluscos poden ir a consumo directo. Media dos últimos 8 anos (2017-2024) 220 ensaios/ano.

Realízanse ademais análises de vixilancia de contaminación vírica, principalmente Norovirus en ostras, aínda que polo momento non é obrigatoria segundo a lexislación en vigor. O número de ensaios realizados nos últimos 8 anos (2017-2024) é de 120/ano de media.

Propónse como valor obxectivo a media do número de análises realizadas nos últimos 8 anos (2017-2024), 1800 de *E. coli*, 220 de *Salmonella* spp e 120 de Norovirus, 2140 en total, cun 90% de consecución que é a media obtida nos últimos 8 anos, 1900 ensaios..

Tendo en conta ás variables que afectan, propónse manter o número de análises contemplado para os anos 2021-2023.

A2.4 – Analizar a concentración de hidrocarburos aromáticos policíclicos nas mostras de moluscos procedentes das zonas de produción de Galicia.

Indicador: número de análises de hidrocarburos realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	1.064
-----------	-------

Responsable: xefe da Unidade de Hidrocarburos do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: O número de análises estímase multiplicando o número de mostras programadas no plan de control (133) polo número de compostos analizados (8). Este



número pode variar á baixa pola falta de dispoñibilidade dalgunha mostra ou aumentar pola realización de controis non programados, xa sexa por eventos de contaminación accidental ou pola intensificación do seguimento nalgún punto.

A2.5 – Analizar a concentración de compostos organoclorados (policlorobifenilos [PCBs], dioxinas, furanos e pesticidas) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de produción de Galicia.

Indicador: número de análises de compostos organoclorados realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	2.400
-----------	-------

Responsable: xefe da Unidade de Organoclorados do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: O número de análises obxectivo estímase multiplicando o número de mostras polo número de analitos, é dicir, 95 (número de mostras da rede de organoclorados, tendo en conta os dous semestres do ano) x 24 (10 conxéneres de PCBs e 14 de pesticidas), son 2.280. Engádense 6 (número de mostras da rede de dioxinas y furanos) x 20 (17 conxéneres de dioxinas e furanos e 3 conxéneres de PCBs similares ás dioxinas), que son 120.

A2.6 – Analizar a concentración de metais pesados (mercurio, cadmio, chumbo, prata, arsénico, cromo, cobre, níquel e zinc) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de produción de Galicia.

Indicador: número de análises de metais pesados realizados por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	810
-----------	-----

Responsable: xefe da Unidade de Metais Pesados do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: o valor do obxectivo anual calcúlase estimando 100 mostras e multiplicando por 9 metais. Prevese unha eficiencia do 90 %.

A3 – Manter a cobertura espacial e temporal da rede de control de patoloxía de moluscos nas zonas de produción de moluscos distribuídas polo litoral de Galicia.

Para acadar este obxectivo operativo, establécense as seguintes **actuacións**:

A3.1 – Analizar a prevalencia de patóxenos nas mostras de moluscos procedentes das zonas de produción de Galicia.

Indicador: número de análises histopatolóxicas realizadas por ano.

Obxectivo:

Ano 2026:	6.700
-----------	-------

Responsable: xefe da Unidade de Patoloxía do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.



Observacións: o obxectivo da rede de control inclúe análises patolóxicas de mostras de moluscos bivalvos das principais zonas de produción cunha distribución aproximada de 19 mostras de mexillón (15 de batea e 4 de rocha); 5 mostras de ostra plana (3 de banco natural e 2 de batea) en dous semestres; 5 mostra de ostra rizada (3 de batea e 2 de banco natural); 19 mostras de distintas especies de ameixas; 15 mostras de berberecho e 3 mostras de solénidos. O que fai un máximo de unhas 71 mostras fixas de 30 individuos cada unha, que se analizan individualmente (2130 individuos/ano). O número de análises feitas por individuo depende da especie. Cada ostra plana supón 4 análises: detección de *Bonamia* sp., *Marteilia* sp., *Perkinsus* sp. e estado xeral. A cada mexillón, ostra rizada, ameixa, berberecho ou solénidos realízanselle 3 análises: detección de *Marteilia* sp., *Perkinsus* sp. e estado xeral. Polo tanto, o obxectivo anual achegarase á realización de 6.700 análises. Este número é aproximado, xa que hai mostras que non veñen todos os anos, algunhas que non inclúen os 30 exemplares e soen vir mostras imprevistas a maiores en función de episodios de mortalidade, inspeccións etc.

A4 – Incrementar o coñecemento científico-técnico necesario para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Para acadar este obxectivo operativo, establécense as seguintes **actuacións**:

A4.1 – Participación como socio en proxectos de investigación relacionados coa xestión dos recursos mariños e a calidade das augas.	
Indicador: número de proxectos en vigor.	
Obxectivo:	
Ano 2026:	2
Responsables: xefes das Unidades técnicas do Intecmar.	
Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.	
Observacións: Participación no proxecto AQUASOMIC e no proxecto BLUEWWATER.	

B. DESENVOLVER FERRAMENTAS PARA MELLORAR A OBSERVACIÓN DO OCÉANO E OFRECER ASESORAMENTO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL

B1 – Actuar como asesor do Plan CAMGAL (concretamente das Unidades de Observación Próxima e de Documentación e Apoio Científico).

Para acadar este obxectivo operativo, establécense as seguintes **actuacións**:

B1.1 – Manter operativas as 6 estacións automáticas do Intecmar/Cetmar/MeteoGalicia que forman parte do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia e as 2 estacións radar HF.	
Indicador: Número estacións de medición operativas durante o ano.	
Obxectivo:	
Ano 2026:	7
Responsables: xefes das Unidades técnicas do Intecmar (UMO e UDAC).	



Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Observacións: Aínda que o número de estacións é de 8 (6 estacións oceanográficas + 2 antenas radar HF), fíxase o obxectivo de manter 7 operativas asumindo o fallo temporal do equivalente a unha estación ao ano.

B1.2 – Atender a solicitude de predición de derivas do Centro de Coordinación Operativa (CECOP) no momento en que se activa o Plan Camgal.

Indicador: porcentaxe de predicións de derivas realizadas das requiridas polo CECOP.

Obxectivo:

Ano 2026:	80 %
-----------	------

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar (UMO e UDAC).

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Centros Zonais de Coordinación de Salvamento Marítimo.

Observacións: estímase unha eficacia do 80 % que depende necesariamente da dispoñibilidade de persoal técnico cualificado.

B1.3 – Participación activa nos exercicios de adestramento contemplados no Plan CAMGAL e noutros plans de emerxencia relacionados coa contaminación mariña.

Indicador: porcentaxe de asistencia ás revisións de plans interiores marítimos, plans locais e exercicios de preparación e loita contra a contaminación mariña accidental.

Obxectivo:

Ano 2026:	80 %
-----------	------

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar (UMO e UDAC).

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Centros Zonais de Coordinación de Salvamento Marítimo.

Observacións: estímase unha eficiencia do 80 % derivada da dispoñibilidade de persoal técnico cualificado.

B1.4 – Participación como socio en proxectos de investigación relacionados coa loita contra a contaminación mariña.

Indicador: número de proxectos de investigación.

Obxectivo:

Ano 2026:	1
-----------	---

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.



Observacións: nos primeiros meses do ano 2026 rematará a execución de dous proxectos financiados con fondos europeos, CAPTA e Free-LitterAT. Estímase que se aprobará a participación en outro proxecto que se está solicitando.

C. MANTER A ACREDITACIÓN OUTORGADA POLA ENTIDADE NACIONAL DE ACREDITACIÓN (ENAC)

Defínense os seguintes **obxectivos operativos**:

C1 – Superar as auditorías realizadas por ENAC que garantan manter a acreditación dos ensaios do anexo técnico nº 160/LE394 segundo os criterios recollidos na norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Para acadar este obxectivo operativo establécense, a seguinte **actuación**:

C1.1 – Reducir o número de non conformidades maiores por cada auditoría realizada por ENAC.	
Indicador: número de non conformidades maiores detectadas en cada auditoría.	
Obxectivo:	
Ano 2026:	<2
Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar	
Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Sanidade.	
Observacións: no ano 2026 está prevista unha auditoría de seguimento.	

C2 – Plan de mantemento e modernización das infraestruturas e equipos técnicos.

Para acadar este obxectivo operativo, establécense a seguinte **actuación**:

C2.1 – Renovación dos equipos de laboratorio do Intecmar destinados á realización de análises de mostrás.	
Indicador: número de equipos de laboratorio renovados.	
Obxectivo:	
Ano 2026:	2
Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar	
Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Sanidade.	
Observacións: os cambios de métodos analíticos derivados de cambios na normativa ou melloras na tecnoloxía, xunto coa obsolescencia dos equipos actuais para os que non existen repostos por mor da súa antigüidade, fan imprescindible a renovación destes, co fin de cumprir a normativa vixente que aplica ao Intecmar. O equipamento prioritario que se pretende adquirir é: un equipo detector de masas UHPLC para a Unidade de Biotoxinas e un equipo de cromatografía de gases acoplado a espectrometría de masas para Organoclorados.	



C3 – Plan de dixitalización

Para acadar este obxectivo operativo, establécense a seguinte **actuación**:

C3.1 – Plan de mellora, modernización e integración dos sistemas e equipos informáticos.	
Indicador: número de sistemas e equipos informáticos actualizados.	
Obxectivo:	
Ano 2025:	6
Responsable: Dirección do Intecmar.	
Destinatario: Intecmar.	
Observacións: adquisición e posta en funcionamento de equipos e sistemas para protección e mellora dos sistemas que deben estar operativos as 24 horas do día.	

Cadro de mando

Actuación	INDICADOR	FONTE	OBX. 2026
A1.1	Número de mostraxes realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	1.788
A1.2	Número de análises de nutrientes realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	41.571
A1.3	Número de análises de fitoplancto e pigmentos realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	14.274
A2.1	Número de saídas para recollida de mostrax por parte do equipo de mostraxe	Aplicación Xestión Integral	832
A2.2	Número de análises de biotoxinas mariñas realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	8.000
A2.3	Número de análises de contaminación microbiolóxica realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	1.800
A2.4	Número de análises de hidrocarburos realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	1.064
A2.5	Número de análises de compostos organoclorados realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	2.400
A2.6	Número de análises de metais pesados realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	810
A3.1	Número de análises histopatolóxicas realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	6.700
A4.1	Número de proxectos en vigor	Aplicación Xestión Proxectos	2
B1.1	Número estacións automáticas de medición operativas durante o ano	Páxina web Intecmar	7
B1.2	Porcentaxe de predicións de derivas realizadas das requiridas polo CECOP	Informe anual Unidade Modelado Oceanográfico	80 %
B1.3	Porcentaxe de asistencia ás revisións de plans interiores marítimos, plans locais, e exercicios de preparación e loita contra a contaminación mariña accidental	Informe anual Unidade Documentación e Apoio Científico	80 %
B1.4	Número de proxectos de investigación	Aplicación Xestión Proxectos	1
C1.1	Número de non conformidades maiores detectadas en cada auditoría	Informe anual Unidade xestión da Calidade	<2
C2.1	Número de equipos de laboratorio renovados	Informe anual Xerencia	2
C3.1	Número de sistemas e equipos informáticos actualizados	Informe anual Unidade Integración de Equipos Analíticos e Apoio aos Laboratorios	6



6 MARCO XERAL DE RECURSOS HUMANOS

O factor humano constitúe un elemento básico para a actividade do instituto, por iso o persoal do Intecmar atópase debidamente cualificado e dispón da experiencia necesaria para o desemprego das súas respectivas funcións e recibe unha formación adecuada e continua que lle permite incrementar a súa eficacia individual e colectiva.

Para o desenvolvemento dos servizos, programas e obxectivos que se detallan neste contrato programa e durante a súa vixencia, as partes comprométese a achegar os recursos humanos necesarios segundo o descrito neste documento e a levar a cabo as modificacións que se decidan de común acordo.

O Intecmar conta con dous tipos de persoal: persoal laboral propio, un total de 58 postos do cadro de persoal, e persoal funcionario de carreira e laboral, da Consellería do Mar, adscrito a este Instituto, un total de 30 postos. Estes últimos postos, están recollidos na Resolución do 8 de agosto de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de agosto de 2024 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Mar (DOG Núm. 160, 21 de agosto).

O cadro de persoal vixente foi aprobado o 29 de xullo de 2024 polo Consello de Administración do Intecmar, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Dirección Xeral da Función Pública, dependentes da Consellería de Facenda e Administración Pública.

O persoal laboral propio do Intecmar réxese polo V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto na disposición transitoria quinta da Lei de creación.

No DOG Núm. 214 do 10 de novembro de 2023 publicouse a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 que contén o cadro das 6 prazas correspondentes á oferta de emprego público do INTECMAR.

Nº	CÓDIGO POSTO	POSTO	Grupo	CATEG.	UNIDADE DE DESTINO NO INTECMAR
1	410007	Auxiliar administrativo	IV	1	Xerencia
2	410012	Xefe/a unidade	I	9	Económico-Orzamentaria
3	410043	Analista	III	17	Metais Pesados
4	410054	Titulado superior	I	3	Biotoxinas
5	410055	Analista	III	17	Biotoxinas
6	410057	Titulado superior	I	3	Biotoxinas



No DOG Núm. 251 do 31 de decembro de 2024 publicouse a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 que contén o cadro coa praza correspondente á oferta de emprego público do INTECMAR.

CÓDIGO POSTO	POSTO	GRUPO	CATEG.	UNIDADE DE DESTINO NO INTECMAR
410058	Xefe/a unidade	I	10,39,19	Microbioloxía e Viroloxía

No DOG Núm. 235 do 4 de decembro de 2025 publicouse a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 que contén o cadro coa praza correspondente á oferta de emprego público do Intecmar.

CÓDIGO POSTO	POSTO	GRUPO	CATEG.
410032	Auxiliar de laboratorio	IV	11

De todas a prazas incluídas nas ofertas de emprego público, no ano 2025 iniciáronse os procesos selectivos para a contratación de persoal laboral fixo para as seguintes prazas:

Mediante resolución do 08/01/2025 convocouse proceso selectivo para a cobertura definitiva e dous postos de Titulado/a superior en Química para a Unidade de Biotoxinas Mariñas, mediante concurso-oposición pola quenda de acceso libre. O proceso rematou e o único aspirante que superou ou proceso de oposición tomou posesión do posto o 06/06/2025.

Mediante resolución do 30/04/2025 convocouse proceso selectivo para a cobertura definitiva dun posto de xefe da Unidade de Microbioloxía e Viroloxía, mediante concurso-oposición pola quenda de acceso libre. O proceso rematou e a aspirante que superou ou proceso de oposición tomou posesión do posto o 03/11/2025.

Mediante resolución do 11/07/2025 convocouse proceso selectivo para a cobertura definitiva dun posto de xefe da Unidade Económico-Orzamentaria, mediante concurso-oposición pola quenda de acceso libre. O 20/11/2025 realizouse a proba da fase de oposición e estímase que a resolución de nomeamento teña lugar no mes de decembro.

Está previsto que nas vindeiras semanas, se convoque o proceso selectivo para a cobertura definitiva de dúas prazas de analista de laboratorio recollidas na oferta de emprego público do ano 2023, co obxectivo de cubrir de xeito definitivo as prazas vacantes existentes no cadro de persoal do Intecmar.

7 MARCO ECONÓMICO-FINANCIERO

A proxección estimativa de gastos do Intecmar durante o ano 2026 do contrato é a seguinte:

ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2026
CAPÍTULO I - Gastos persoal	2.816.131
CAPÍTULO II - Gastos correntes	754.121
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	1.965.715
FCA libre	1.955.780
FCA Cofinanciamento	2.484
Fondos Europeos interreg	7.451
TOTAL	5.535.967

A proxección estimativa de ingresos durante o mesmo período é a seguinte:

ORZAMENTO: INGRESOS	ORZAMENTOS 2026
Taxas servizos profesionais	34.850
Outros ingresos diversos	44.650
Xuros de contas correntes	2.500
Transferencia correntes	3.488.252
Transferencia de capital	1.965.715
TOTAL	5.535.967

A proxección estimativa dos gastos distribuída entre obxectivos estratéxicos queda como segue:

A. XESTIONAR DE FORMA EFICIENTE AS REDES DE CONTROL DO INTECMAR

ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2026
CAPÍTULO I - Gastos persoal	2.471.725
CAPÍTULO II - Gastos correntes	663.626
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	1.481.368
TOTAL	4.616.719

B. DESENVOLVER FERRAMENTAS PARA MELLORAR A OBSERVACIÓN DO OCEÁNO E OFRECER ASESORAMENTO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL



ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2026
CAPÍTULO I - Gastos persoal	260.356
CAPÍTULO II - Gastos correntes	67.871
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	439.483
TOTAL	767.710

C. MANTER A ACREDITACIÓN DE ENAC

ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2026
CAPÍTULO I - Gastos persoal	84.050
CAPÍTULO II - Gastos correntes	22.624
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	44.864
TOTAL	151.538

A cobertura de hipotéticos déficits deberá elevarse ao Consello de Administración un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que o dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados así como, se é o caso, as necesarias modificacións que como consecuencia de devanditos déficits deban introducirse no contrato programa e o alcance destas.

Asinan este documento as persoas que forman a Comisión de seguimento do Contrato programa plurianual do Intecmar:

- Adrián Grandal López, en representación Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería Facenda e Administración Pública.
- Patricia Brión Cabanelas, en representación da Dirección xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería Facenda e Administración Pública.
- Roberto Corbal González, en representación da Consellería do Mar.
- Sagrario Castro Vidal, en representación do Intecmar.